

NOTA DE PRENSA

O COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA LIDERA UNHA INICIATIVA PARA FOMENTAR A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DO CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA

Este novo proxecto forma parte do programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2022.- O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia presentou na mañá de hoxe, na Explanada do Horizonte do concello de O Rosal, o proxecto “*Stop and help!, que o lixo non chegue ao mar*”, unha iniciativa enmarcada dentro do programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia, cuxo principal obxectivo consiste en fomentar a conservación do patrimonio natural do Camiño, a través dunha serie de xornadas de retirada de lixo mariño programadas en diferentes praias e lugares costeiros dos concellos atravesados polo Camiño Portugués da Costa que culminarán, a finais do mes de outubro, coa realización dunha obra artística final na que se empregarán diferentes obxectos recuperados das distintas actuacións de limpeza, e que será exposta no Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia na cidade de Vigo, coa finalidade de servir de memoria viva na loita contra os lixos mariños e as súas consecuencias sobre o medio ambiente.

A presentación contou coa participación do xerente do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, Pablo Fernandes Alonso, nun acto no que tamén estiveron presentes o polifacético artista marinense Antón Sobral, encargado de dirixir a intervención escultórica final xunto coa pontevedresa Carme Hermo, así como representantes de varios dos concellos e asociacións do terceiro sector que colaborarán nas xornadas de limpeza, como o concelleiro de Participación Veciñal e Voluntariado do concello de O Rosal, Ramón Fenández Leal, ou Nuria Castro Martínez, presidenta da asociación A Jalleira, un colectivo que participou moi activamente nesta primería actuación levada a cabo na costa rochosa da praia de Portecelo, na que o nutrido grupo de voluntarias e voluntarios participantes formado case trinta persoas, conseguiron retirar preto de 220 quilos de lixos mariños, fundamentalmente obxectos extraviados durante a actividade pesqueira, como boias, anacos de redes, cordas, cabos, cabiños e outras escumas sintéticas, aínda que tampouco faltaron outros de orixe terrestre como un pneumático, bastantes cabichas, restos de envases, latas, botellas, bolsas e envoltorios, varias pezas de calzado, unha pelota, os restos dunha cadeira de plástico, anacos de cerámica e uralita, madeiras tratadas, así como pequenos triscos plásticos non identificables en canto a súa orixe.

Actividades como a levada a cabo na mañá de hoxe na costa do Rosal, serán replicadas polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia nas vindeiras semanas en diferentes areas dos concellos de Baiona, Nigrán e A Guarda (o proximo mércores 21 de setembro na praia de Camposancos), onde está prevista a colaboración directa tanto da poboación local, como das peregrinas e peregrinos que realizan o Camiño, do tecido asociativo e de diversas entidades do terceiro sector e centros educativos.

Máis información: Colexio Oficial de Biólogos de Galicia info@biologosdegalicia.org 981 53 14 40

Adxúntanse a esta nota de prensa varias imaxes da xornada de hoxe.